

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

13414 *Real decreto 1084/2014, do 19 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 67/2010, do 29 de xaneiro, de adaptación da lexislación de prevención de riscos laborais á Administración xeral do Estado.*

A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, fundamentalmente a través dos seus artigos 31.1, 34.3 e 35.4, e da disposición adicional cuarta do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención, previron no seu momento a necesidade de regular, a través dunha normativa específica para as administracións públicas, determinadas cuestións tales como os dereitos de participación e representación, a organización dos recursos necesarios para o desenvolvemento das actividades preventivas, a definición de funcións e niveis de cualificación do persoal que as leve a cabo e o establecemento de adecuados instrumentos de control que substitúan as obrigas en materia de auditorías, contidas no capítulo V do citado regulamento dos servizos de prevención, que non son de aplicación ás administracións públicas.

Ao cumprimento deste mandato na Administración xeral do Estado respondeu inicialmente o Real decreto 1488/1998, do 10 de xullo, de adaptación da lexislación de prevención de riscos laborais á Administración xeral do Estado.

Posteriormente, con data do 10 de febreiro de 2010 publicouse no «Boletín Oficial del Estado» o Real decreto 67/2010, do 29 de xaneiro, de adaptación da lexislación de prevención de riscos laborais á Administración xeral do Estado, que derogou o citado Real decreto 1488/1998, do 10 de xullo, e introduciu unha importante actualización deste, motivada fundamentalmente polos cambios normativos producidos tanto en materia de prevención de riscos laborais como en materia de órganos de representación nas administracións públicas; en particular, pola promulgación da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, e tamén motivada, sen dúbida, pola experiencia acumulada desde a promulgación do primeiro real decreto nun momento en que se iniciaba de feito a historia da prevención na Administración xeral do Estado.

Transcorridos pouco máis de catro anos desde a aprobación do Real decreto 67/2010, do 29 de xaneiro, propónse unha modificación motivada fundamentalmente, neste caso, polo contido do Acordo da Mesa Xeral de Negociación da Administración xeral do Estado, adoptado o 29 de outubro de 2012, sobre asignación de recursos e racionalización das estruturas de negociación e participación, no que concirne á elección e aos créditos horarios asignables aos delegados de prevención, por unha banda, e á constitución dos comités de seguridade e saúde, por outra, que se deberán adaptar, coas excepcións que se indican, á nova definición de «centro de traballo», que se fai coincidente coas novas unidades electorais. O dito acordo da Mesa Xeral de Negociación da Administración xeral do Estado, pola súa vez, deriva das previsións do Real decreto lei 20/2012, do 23 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, cuxo artigo 10 remitiu expresamente ás mesas xerais de negociación en canto á posibilidade de chegar a acordos nesta materia, especialmente polo que se refire ao exercicio das funcións de representación e negociación.

Esta modificación, que afecta basicamente os artigos 4, 5 e 6, complétase con outras propostas de modificación cuxo obxectivo é introducir melloras no texto do Real decreto 67/2010, do 29 de xaneiro, en particular polo que se refire ao artigo 10, no cal se introducen modificacións relativas á formulación e aos requisitos das auditorías de prevención, co fin de mellorar a aplicabilidade e eficacia deste instrumento de control preventivo. Para tales efectos, refórzase a utilización das auditorías internas como instrumento imprescindible no proceso da xestión preventiva, promóvese a utilización

dunha metodoloxía común de referencia e concrétanse o apoio e o asesoramento externo necesario, a cargo do Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo, para facer efectiva a mellora continua que predica a Lei de prevención de riscos laborais.

Por outra parte, introdúcense tamén melloras nunha serie de puntos, entre os cales cabe citar as medidas que se propoñen para optimizar os recursos dispoñibles en materia de vixilancia da saúde; o fortalecemento da coordinación xeral da prevención de riscos laborais na Administración xeral do Estado por parte da Dirección Xeral da Función Pública; a mellora da integración da actividade preventiva, a través da existencia dun seguimento específico do cumprimento dos plans de prevención por parte da máxima autoridade dos departamentos e organismos; o compromiso de poñer en marcha un plan integral de formación en materia de prevención que inclúa todos os contidos de carácter transversal nesta materia, co obxecto de mellorar a calidade e o impacto da acción formativa ou, finalmente, unha mellora na participación dos traballadores a través dunha clarificación nos mecanismos de consulta, participación e negociación nesta materia.

Na elaboración deste real decreto consultáronse as organizacións sindicais máis representativas e foi oída a Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo.

En virtude de todo isto, por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas e da ministra de Emprego e Seguridade Social, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 19 de decembro de 2014,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 67/2010, do 29 de xaneiro, de adaptación da lexislación de prevención de riscos laborais á Administración xeral do Estado.*

O Real decreto 67/2010, do 29 de xaneiro, de adaptación da lexislación de prevención de riscos laborais á Administración xeral do Estado, queda modificado como segue:

Un. O número 3 do artigo 4 queda redactado como segue:

«3. No ámbito de cada departamento ou organismo público, cando así se acorde neles e sempre que exista máis dun comité de seguridade e saúde, poderán existir grupos técnicos de prevención de riscos laborais que, de ser o caso, se constituirán ou se adaptarán, de conformidade cos criterios establecidos no número 4 do Acordo do 20 de maio de 2008, da Mesa Xeral de Negociación da Administración xeral do Estado, para a ordenación da negociación colectiva na Administración xeral do Estado, ou que a dita mesa poida establecer no futuro.»

Dous. O número 1 do artigo 5 queda redactado como segue:

«1. Con carácter xeral, os delegados ou delegadas de prevención serán designados polos representantes do persoal con presenza nos ámbitos dos órganos de representación do persoal e entre, por unha banda, o persoal funcionario e estatutario que sexa membro da xunta de persoal correspondente e, por outra, os representantes do persoal laboral membros do comité de empresa ou delegados e delegadas de persoal.

Se nun ámbito determinado non se pode completar o número de delegados ou delegadas de prevención previsto no artigo 35.2 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, cos membros que compoñen os órganos unitarios citados no parágrafo anterior, os delegados ou delegadas restantes poderán ser elixidos polas centrais sindicais entre delegados ou delegadas sindicais do dito ámbito, de maneira proporcional á súa representatividade nel.

Esta posibilidade deberá ser, en todo caso, negociada pola mesa delegada correspondente, logo de acreditación das circunstancias que concorran en cada caso, e comunicada á Dirección Xeral da Función Pública.»

Tres. O último parágrafo do número 1 do artigo 5 pasa a numerarse como número 2 e queda redactado como segue:

«2. Non obstante o previsto no punto anterior, poderase adoptar outro sistema de designación, conforme o previsto no artigo 35.4 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, logo de acordo da Comisión Técnica de Prevención de Riscos Laborais.»

Catro. O actual número 2 do artigo 5 pasa a numerarse como 3 e queda redactado como segue:

«3. O número de delegados ou delegadas de prevención que poderán ser designados para o total do persoal adscrito a un centro de traballo axustarase estritamente á escala establecida no artigo 35.2 da citada Lei 31/1995, do 8 de novembro. O número resultante da aplicación da dita escala ao total do persoal distribuirase, posteriormente, entre o persoal funcionario e estatutario, dunha banda, e o persoal laboral, doutra, de maneira proporcional ao volume de cada colectivo, co fin de determinar o número deles cuxa elección corresponda á xunta de persoal ou ao comité de empresa.»

Cinco. Os números 3 e 4 do artigo 5 pasan a numerarse, respectivamente, como 4 e 5, coa mesma redacción.

Seis. O número 5 do artigo 5 pasa a numerarse como 6 e queda redactado como segue:

«6. O tempo utilizado polos delegados ou delegadas de prevención para o desempeño das devanditas competencias e facultades será considerado como de exercicio de funcións de representación, para efectos de utilización do crédito de horas mensuais retribuídas previsto no artigo 68 e) do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo; no artigo 41 d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, e no artigo 10.3 da Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical. Este crédito horario será o que lles corresponda pola súa condición previa de membros de xuntas de persoal, de comités de empresa ou de delegados ou delegadas de persoal ou, de ser o caso, de delegados ou delegadas sindicais, sen que existan créditos engadidos, propios nin adicionais, pola súa condición específica de delegados ou delegadas de prevención.

Será considerado, en todo caso, como tempo de traballo efectivo, sen imputación ao crédito horario, o correspondente ás reunións do Comité de Seguridade e Saúde e a calquera outra convocada pola Administración en materia de prevención de riscos laborais, así como o destinado ás visitas previstas no artigo 36.2 a) e c) da Lei 31/1995, do 8 de novembro. Ademais, será igualmente considerado como tempo de traballo efectivo, sen imputación ao crédito horario, o dedicado polos delegados ou delegadas de prevención ás actuacións derivadas da aplicación dos protocolos de acoso existentes no departamento ou organismo, sempre que as ditas actividades estean previstas neles, fosen formalmente solicitadas por algún dos afectados ou se realicen por instancia da instrución do caso de que se trate.»

Sete. Os números 6 e 7 do artigo 5 pasan a numerarse, respectivamente, como 7 e 8, coa mesma redacción.

Oito. O número 2 do artigo 6 queda redactado como segue:

«2. Con carácter xeral, constituirase un único comité de seguridade e saúde en cada un dos centros de traballo que se recollen no anexo I deste real decreto, sempre que os ditos centros de traballo contén con 50 ou máis empregados públicos, segundo establece o artigo 38.2 da Lei 31/1995, do 8 de novembro.

Malia o indicado no parágrafo anterior, e en aplicación do previsto no artigo 34.3 d) da citada Lei 31/1995, do 8 de novembro, poderanse constituír comités de seguridade e saúde noutros ámbitos cando razóns da actividade e o tipo e frecuencia dos riscos así o aconsellen. A dita constitución deberase axustar, en todo caso, aos seguintes criterios xerais:

a) Nos departamentos ministeriais poderanse constituír comités de seguridade e saúde propios naqueles organismos autónomos, entidades xestoras ou servizos comúns da Seguridade Social, de forma autónoma, cando a actividade destes sexa claramente diferenciada do departamento de que dependan e alcancen un volume de persoal mínimo de 2.000 empregados públicos no total das dependencias de que dispoña na provincia en que radiquen os seus servizos centrais.

b) En calquera departamento, organismo autónomo, entidade xestora ou servizo común da Seguridade Social ou axencia estatal poderase constituír un comité, único para cada ámbito territorial en que se estructure a súa organización, para o conxunto das dependencias comprendidas no dito ámbito sempre que, en polo menos unha das citadas dependencias, se realicen actividades ou traballos incluídos no anexo I do Regulamento dos servizos de prevención que afecten un mínimo de 50 empregados públicos.

c) En todos aqueles organismos ou centros de traballo non incluídos nas alíneas anteriores, por petición deles, que polas súas características específicas en materia preventiva, suficientemente acreditadas, así se considere, logo de consulta á Comisión Técnica de Prevención de Riscos Laborais.

No anexo II deste real decreto determínase a aplicación dos criterios contidos nas alíneas b) e c) na organización periférica do Estado.»

Novo. O número 3 do artigo 6 queda redactado como segue:

«3. A constitución dos comités de seguridade e saúde previstos nas alíneas a), b) e c) do punto anterior deberá ser expresamente autorizada pola Dirección Xeral da Función Pública, logo de consulta á Comisión Técnica de Prevención de Riscos Laborais.

Así mesmo, para facilitar o cumprimento do previsto no artigo 34.3.c da Lei 31/1995, do 8 de novembro, corresponde á Dirección Xeral da Función Pública a elaboración de criterios aplicables á constitución, modificación e funcionamento dos distintos comités que garantan unha actuación coordinada deles, criterios que serán igualmente obxecto de consulta na citada comisión técnica.»

Dez. O número 4 do artigo 6 queda redactado como segue:

«4. Nas reunións do Comité de Seguridade e Saúde poderán participar, con voz pero sen voto, os delegados ou delegadas sindicais do centro de traballo que non sexan, ademais, delegados ou delegadas de prevención, os asesores sindicais, de ser o caso, e os responsables técnicos de prevención no ámbito correspondente. Os ditos responsables técnicos non poderán, en consecuencia, formar parte do comité como representantes exclusivos da Administración.

Nas mesmas condicións poderá participar o persoal que conte cunha especial cualificación ou información respecto de concretas cuestións que se debatan neste órgano e técnicos en prevención alleos á Administración xeral do Estado, sempre que así o solicite algunha das representacións do Comité.»

Once. A alínea a) do artigo 7.3 queda redactada como segue:

«a) Nos servizos centrais dos departamentos ministeriais e dos organismos públicos que contén con máis de 500 empregados públicos, e naqueles que teñan entre 250 e 500 empregados públicos e desenvolvan algunha das actividades

incluídas no anexo I do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención.»

Doce. O número 4 do artigo 7 queda redactado como segue:

«4. Poderase acordar a constitución de servizos de prevención mancomunados entre aqueles departamentos ministeriais e organismos públicos que desenvolvan simultaneamente actividades nun mesmo edificio ou nunha área xeográfica limitada, sempre que quede garantida a operatividade e eficacia do servizo de conformidade co establecido no artigo 21 do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, e de acordo cos criterios que a Comisión Técnica de Prevención de Riscos Laborais poida establecer.

Se o servizo mancomunado afecta varios departamentos ministeriais, será adscrito á delegación ou subdelegación do Goberno que corresponda, e esta deberá efectuar ou solicitar as adaptacións orzamentarias que, de ser o caso, sexan necesarias para asumir todos os custos do seu establecemento e funcionamento.

Se os titulares do dito servizo mancomunado son varios organismos dependentes do mesmo departamento ministerial, deberán acordar entre eles o criterio e a repartición do seu financiamento, así como a súa adscrición.

Segundo se establece no citado Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, os servizos de prevención mancomunados deberán contar con, polo menos, tres especialidades ou disciplinas preventivas.

Fomentarase, especialmente, a constitución de servizos mancomunados de prevención nos servizos periféricos.»

Trece. O número 7 do artigo 7 queda redactado como segue:

«7. Conforme o indicado no número 2 do presente artigo, naqueles casos en que as peculiaridades da organización o requiran, poderase recorrer a un ou varios servizos de prevención alleos, que colaborarán entre si cando sexa necesario; deberán cumprir co establecido nos artigos 16 a 19 do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, e realizarase o concerto segundo o seu artigo 20, logo de consulta aos delegados e/ou delegadas de prevención correspondentes ou ao grupo técnico a que se refire o artigo 4.3 deste real decreto, se o houber, e posterior comunicación á Comisión Técnica de Prevención de Riscos Laborais.»

Catorce. Engádesse un número 8 ao artigo 7, coa redacción seguinte:

«8. O Servizo de Prevención propio dun departamento que teña a especialidade de Medicina do Traballo, se dispón dos recursos suficientes, tomando como referencia as ratios establecidas no anexo I do Real decreto 843/2011, do 17 de xuño, polo que se establecen os criterios básicos sobre a organización de recursos para desenvolver a actividade sanitaria dos servizos de prevención, con ou sen a colaboración de persoal sanitario dos servizos médicos asistenciais, poderá asumir, total ou parcialmente, a vixilancia da saúde dalgún organismo dependente, o que deberá quedar expresamente acordado por escrito e autorizado pola autoridade sanitaria correspondente.»

Quince. O artigo 10 queda redactado como segue:

«Artigo 10. *Instrumentos de control.*

1. Sen prexuízo da regulación específica que a este respecto se establece nos reais decretos 179/2005, do 18 de febrero; 2/2006, do 16 de xaneiro, e 1755/2007, do 28 de decembro, no ámbito da Administración xeral do Estado cada sistema de prevención deberá someterse a un control periódico externo cuxa realización corresponderá ao Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no

Traballo como organismo científico-técnico especializado da Administración xeral do Estado, que ten como misión a análise e o estudo das condicións de seguridade e saúde no traballo, así como a promoción e o apoio á súa mellora. Esta competencia entenderase sen prexuízo das que corresponden ao Consello de Seguridade Nuclear de acordo coa súa lexislación específica.

2. En aplicación do previsto no número 2 da disposición adicional cuarta do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, o citado control externo aterase aos seguintes criterios:

a) Con carácter xeral, no marco de cada planificación anual e sen prexuízo das competencias atribuídas para o efecto á Inspección de Traballo e Seguridade Social, o INSHT, logo de acordo coa Dirección Xeral da Función Pública co fin de asegurar a coordinación prevista na alínea c) do artigo 11 deste real decreto, solicitará de cada departamento ou organismo a información que considere pertinente e realizará, de ser o caso, as visitas necesarias a eles para os efectos de avaliar os seus correspondentes sistemas de prevención. En particular, teranse en conta os informes das posibles auditorías internas realizadas previamente por eles.

De acordo coa dita información, o INSHT emitirá un «informe de avaliación externa do sistema de prevención», no cal se poñerán de relevo as posibles deficiencias detectadas e se incluírá unha epígrafe específica de propostas para a súa mellora. As ditas propostas poderán ir acompañadas do asesoramento técnico que en cada caso se acorde.

O informe remitirase ao departamento ou organismo, que, pola súa vez, deberá emitir informe á representación dos traballadores, con copia á Dirección Xeral da Función Pública. A dita información canalizarase, alá onde estea constituída, a través da Mesa Delegada da Mesa Xeral de Negociación da Administración Xeral do Estado ou, de ser o caso, do Grupo Técnico de Prevención de Riscos Laborais que se constituíse no seu seo, con copia ao correspondente comité de seguridade e saúde.

b) Con carácter extraordinario, cando nun departamento ou organismo concorran circunstancias específicas que así o aconsellen, quer como consecuencia de denuncias formuladas pola representación dos traballadores e aceptadas na correspondente mesa delegada da Mesa Xeral de Negociación da Administración Xeral do Estado, quer por iniciativa do propio departamento ou organismo, poderá solicitarse a realización dunha auditoría do Sistema de xestión da prevención. A decisión adoptada pola mesa delegada ou polo departamento ou organismo de que se trate trasladarase á Dirección Xeral da Función Pública, que a remitirá ao INSHT para que se proceda á súa realización. Estas auditorías deberán reunir os requisitos establecidos respecto disto nos artigos 30.1, 30.2 e 30.5 do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro.

c) Sen prexuízo do indicado na epígrafe anterior, a Inspección de Traballo e Seguridade Social, de acordo co disposto no Real decreto 707/2002, do 19 de xullo, polo que se aproba o Regulamento sobre o procedemento administrativo especial de actuación da Inspección de Traballo e Seguridade Social e para a imposición de medidas correctoras de incumprimentos en materia de prevención de riscos laborais no ámbito da Administración xeral do Estado, poderá requirir a realización dunha avaliación externa ou, co mesmo carácter a que fai referencia a alínea anterior, unha auditoría a un departamento ou organismo, o cal o poñerá en coñecemento inmediato da Dirección Xeral da Función Pública. A Dirección Xeral da Función Pública trasladará estes requirimentos ao INSHT para a súa atención prioritaria.

3. Para o desenvolvemento desta función de avaliación externa e auditoría, o INSHT poderá contar coa colaboración das inspeccións de servizos de cada

departamento ou organismo público. Nas institucións sanitarias públicas, esta colaboración poderá ser realizada pola Inspección sanitaria.

4. Sen prexuízo de todo o anterior, a Administración xeral do Estado fomentará que cada departamento ou organismo público someta, con carácter voluntario, o seu sistema de prevención ao control de auditorías ou avaliacións internas, como ferramentas de xestión que deben orientar a adopción de decisións dirixidas ao seu perfeccionamento e mellora.

Para tal fin, e co obxecto de facilitar a realización das ditas auditorías internas cos recursos dispoñibles na Administración xeral do Estado, a Dirección Xeral da Función Pública promoverá a utilización dunha metodoloxía de referencia e xestionará o asesoramento directo do INSHT no deseño dos plans de auditoría, nos termos que se determinen nos correspondentes acordos de colaboración, así como o apoio no proceso auditor por parte de Dirección Xeral de Modernización Administrativa, Procedementos e Impulso da Administración Electrónica do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, e das inspeccións de servizos departamentais, nos termos que igualmente se determinen.»

Dezaseis. A alínea c) do artigo 11 queda redactada como segue:

«c) Realizar funcións de coordinación xeral da función de prevención no ámbito da Administración xeral do Estado, especialmente no que se refire á formación nesta materia, ao establecemento de prioridades e obxectivos xerais que seguirán os distintos departamentos e organismos e á fixación e aproximación de criterios, soportes e metodoloxías de actuación, así como á coordinación centralizada co INSHT respecto das funcións de asesoramento, apoio formativo e avaliación externa ou auditoría que o dito organismo ten entre as súas funcións. Así mesmo, asegurará a coordinación entre os ministerios que forman parte da representación da Administración xeral do Estado na Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo, no que se refire á aplicación dos criterios da citada comisión ao persoal ao servizo da Administración xeral do Estado.»

Dezasete. A disposición adicional primeira queda redactada como segue:

«Disposición adicional primeira. *Servizos médicos de departamentos e organismos públicos.*

Os servizos médicos asistenciais dos departamentos e organismos públicos colaborarán cos servizos de prevención dos correspondentes departamentos e organismos públicos en que existan, baixo a coordinación do/da xefe/a do dito servizo, sen prexuízo de que continúen efectuando aquelas funcións que tivesen atribuídas, distintas das propias do Servizo de Prevención.

Así mesmo, os servizos médicos asistenciais que existan nos departamentos poderán colaborar cos servizos de prevención de organismos públicos adscritos, nas mesmas condicións citadas no parágrafo anterior.»

Dezaioito. Disposición adicional terceira: engádese un novo número 3, coa seguinte redacción:

«3. A contratación da vixilancia da saúde con servizos de prevención alleos, ou entidades especializadas, que necesiten realizar os departamentos, entidades ou organismos que non dispoñan de servizo de prevención propio ou que, mesmo téndoo, non dispoñan de especialistas en Medicina do Traballo ou necesiten complementar a dita especialidade, de acordo co previsto no artigo 7.2 deste real decreto, realizarase de forma centralizada e axustarase en todo caso ao previsto na normativa xeral sobre contratación no sector público e aos criterios establecidos polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, con suxeición, cando sexa o caso, ao previsto no artigo 9 do Real decreto 843/2011, do 17 de xuño.»

Dezanove. A disposición adicional quinta queda redactada como segue:

«Disposición adicional quinta. *Adaptación dos plans de prevención.*

Todos os departamentos e organismos públicos incluídos no ámbito de aplicación deste real decreto deberán realizar as adaptacións que resulten necesarias en cada caso para adecuar o seu sistema de xestión da prevención de riscos laborais, realizado conforme a Resolución da Secretaría de Estado de Administracións Públicas do 15 de novembro de 2013, ao establecido no seu artigo 3.3 en relación co plan de prevención.»

Vinte. Inclúese unha nova disposición adicional sexta, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional sexta. *Seguimento dos plans de prevención.*

A subsecretaría de cada departamento e a dirección de cada organismo, respectivamente, no contexto do previsto no artigo 11.b deste real decreto, realizarán un informe anual específico sobre a situación do plan de prevención do seu departamento ou organismo, o seu grao de implantación, a asunción efectiva de funcións específicas en materia de prevención pola estrutura organizativa e as medidas adoptadas en relación coa memoria do ano anterior. O dito informe axustarase á estrutura e ao contido que determine a Dirección Xeral da Función Pública e achegarase ao conxunto de información a que se fai referencia no citado artigo 11.b.

A Dirección Xeral da Función Pública informará sobre esta cuestión a Comisión Técnica de Prevención de Riscos Laborais, a través da memoria anual de actividades.»

Vinte e un. A disposición adicional sexta pasa a ser a disposición adicional sétima, coa mesma redacción.

Vinte e dous. Engádesse unha disposición adicional oitava, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional oitava. *Inscripción dos delegados de prevención e dos comités de seguridade e saúde no Rexistro de Órganos de Representación do Persoal.*

En aplicación do previsto no Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, e tras a creación do Rexistro de Órganos de Representación do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, inscribíranse no dito rexistro todos os delegados ou delegadas de prevención e comités de seguridade e saúde legalmente constituídos, na forma que se estableza a través da orde correspondente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.»

Vinte e tres. Engádesse unha disposición adicional novena, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional novena. *Determinación dos compoñentes do Comité de Seguridade e Saúde nos casos en que o ámbito do dito comité non coincida co dos órganos unitarios.*

No caso dos comités de seguridade e saúde cuxo ámbito non coincida co dos órganos unitarios de representación fixados no Acordo de asignación de recursos e racionalización das estruturas de negociación e participación, do 29 de outubro de 2012, os criterios que se utilizarán para a designación dos delegados ou delegadas de prevención que deban compoñer os ditos comités, segundo a escala establecida no artigo 35.2 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, deberán ser obxecto de negociación na Comisión Técnica de Prevención de Riscos Laborais, respectando o previsto no número 1 e, de ser o caso, no número 2 do artigo 5 deste real decreto.»

Vinte e catro. Engádesse unha disposición adicional décima coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décima. *Seguimento específico do funcionamento dos comités de seguridade e saúde.*»

Co fin de que a Administración xeral do Estado poida avaliar periodicamente o funcionamento e a implantación dos comités de seguridade e saúde co obxecto de promover accións de mellora, cada departamento elaborará e remitirá á Dirección Xeral da Función Pública un informe anual nesta materia para o conxunto dos comités de seguridade e saúde do seu ámbito de competencia. Polo que se refire aos comités de seguridade e saúde provinciais, dependentes das subdelegacións do Goberno, será a Dirección Xeral de Coordinación da Administración Periférica do Estado a encargada de emitir o dito informe.»

Vinte e cinco. Engádesse unha disposición adicional décimo primeira, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo primeira. *Optimización de recursos en materia de formación en prevención de riscos laborais.*»

No marco das iniciativas e accións para a mellora e racionalización da Administración xeral do Estado, a Dirección Xeral da Función Pública promoverá a elaboración, aplicación e implantación dun plan integral de formación en materia de prevención de riscos laborais, no cal se inclúan os contidos formativos de carácter transversal de interese para a Administración xeral do Estado. O dito plan deberá integrar, baixo a dirección e coordinación desa dirección xeral, e coa colaboración do Instituto Nacional de Administración Pública e do Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo, todas as iniciativas formativas de interese común en materia de prevención, salvo aquelas que, por seren específicas ou derivadas das correspondentes avaliacións de riscos, deban ser abordadas no contexto dos departamentos ou organismos afectados.»

Vinte e seis. A disposición transitoria única pasa a ser a disposición transitoria primeira e queda redactada como segue:

«Disposición transitoria primeira. *Certificación especial de formación equivalente de nivel intermedio.*»

En virtude do establecido na disposición adicional cuarta do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, logo de consulta coas organizacións sindicais representadas na Comisión Técnica de Prevención de Riscos Laborais, co fin de poder dotarse dos recursos necesarios e ata que se poida establecer un mecanismo estable de formación no marco do sistema dos novos certificados de profesionalidade ligados ao Catálogo nacional de cualificacións profesionais, por unha banda, e se actualicen os requisitos para o acceso aos novos grupos profesionais establecidos tanto pola Lei 7/2007, do 12 de abril, como polo Convenio único para o persoal laboral da Administración xeral do Estado e o resto de convenios existentes na dita Administración xeral, por outra, poderanse manter os requisitos formativos establecidos no artigo 36.2 do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, respecto da formación requirida para o desempeño de funcións de nivel intermedio, coas limitacións e cos requisitos que se indican a continuación.

Esta formación poderá ser impartida e certificada unicamente polo Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo ou polo Instituto Nacional de Administración Pública, por instancia, nos termos e baixo a coordinación da Dirección Xeral da Función Pública, e a súa validez quedará limitada ao persoal xa en activo no ámbito da Administración xeral do Estado no momento de entrada en vigor deste real decreto e cunha experiencia profesional que deberá ser acreditada pola citada dirección xeral.

As centrais sindicais serán informadas na Comisión Técnica de Prevención de Riscos Laborais das convocatorias que se produzan.»

Vinte e sete. Engádesse unha disposición transitoria segunda, coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria segunda. *Reaxuste do número de delegados de prevención.*

Todos os departamentos e organismos da Administración xeral do Estado deberán acomodar o número de delegados e/ou delegadas de prevención ao previsto no artigo 5.3 deste real decreto nun prazo de tres meses desde a súa entrada en vigor.»

Vinte e oito. Engádesse unha disposición transitoria terceira, coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria terceira. *Entrada en vigor do previsto no artigo 6 sobre os comités de seguridade e saúde.*

As previsións contidas no artigo 6 deste real decreto respecto da constitución dos comités de seguridade e saúde non serán de aplicación ata que se produza a renovación das xuntas de persoal e dos comités de empresa, segundo o previsto no artigo 12, números 3 e 4, do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, polo que subsistirán os actualmente constituídos ata ese momento.»

Vinte e nove. A disposición derradeira primeira queda redactada como segue:

«Disposición derradeira primeira. *Peculiaridades dos órganos de participación en materia de prevención de riscos laborais en determinados ámbitos.*

1. No Ministerio de Defensa, tendo en conta as peculiaridades existentes nos centros e establecementos militares, establécense as seguintes previsións particulares:

a) Os delegados ou delegadas de prevención designados segundo o previsto no número 1 do artigo 5 deste real decreto deberán ter a condición de persoal civil destinado nos propios centros ou establecementos do Ministerio de Defensa.

Se o número dos designados segundo o disposto no parágrafo anterior é insuficiente, poderanse designar outros integrantes do persoal civil destinados no establecemento de que se trate, mesmo cando non teñan a condición de membros de órganos de representación ou de delegados de persoal, gardando sempre a proporción sinalada no citado artigo 5.

b) A constitución dos comités de seguridade e saúde poderá adoptar unha dobre modalidade:

1.º Comités unitarios, para unha única dependencia, naquelas dependencias en que 50 ou máis persoas do seu persoal realicen tarefas do anexo I do Regulamento dos servizos de prevención, así como nas sedes centrais de cada un dos tres exércitos.

2.º Comités agrupados, para o conxunto das dependencias existentes nunha mesma provincia que dispoñan de 50 ou máis empregadas e/ou empregados públicos en total, en cada caso.

c) Co fin de coordinar a normativa específica existente no Ministerio de Defensa co previsto neste real decreto, no prazo de seis meses, por proposta dos ministerios de Defensa e de Facenda e Administracións Públicas, o Goberno procederá á adaptación do Real decreto 1932/1998, do 11 de setembro, de

adaptación dos capítulos III e V da Lei 31/1995, do 8 de novembro, ao ámbito dos centros e establecementos militares.

2. Na Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias, os delegados ou delegadas de prevención designados segundo o previsto no número 1 do artigo 5 deste real decreto deberán ter a condición de persoal funcionario ou laboral de institucións penitenciarias, con destino no mesmo ámbito territorial ao cal corresponda o comité de seguridade e saúde de que se trate.»

Trinta. A disposición derradeira segunda queda redactada como segue:

«Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.7.^a da Constitución española, que establece a competencia exclusiva do Estado en materia de lexislación laboral, e do artigo 149.1.18.^a, que establece a competencia exclusiva do Estado en materia de bases do réxime xurídico das administracións públicas e do réxime estatutario dos funcionarios.»

Trinta e un. Engádesse unha disposición derradeira terceira coa seguinte redacción:

«Disposición derradeira terceira. *Habilitación regulamentaria.*

Autorízase o ministro de Facenda e Administracións Públicas para ditar cantas disposicións sexan necesarias en desenvolvemento ou aplicación do establecido neste real decreto.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 19 de decembro de 2014.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN

ANEXO I

Centros de trabajo

Para os efectos do disposto no artigo 10 da Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical, e na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, e demais normativa ditada no seu desenvolvemento, na Administración xeral do Estado existirá un centro de traballo:

a) En cada un dos departamentos ministeriais incluídos neles, nos seus organismos autónomos, entidades xestoras e servizos comúns da Administración da Seguridade Social e en todos os servizos provinciais de Madrid.

b) En cada axencia, ente público ou organismo non incluído na alínea anterior, para todos os servizos que teña na provincia de Madrid.

c) En cada delegación ou subdelegación do Goberno, na cal se incluírán os organismos autónomos, axencias comprendidas no ámbito de aplicación da Lei 28/2006, do 18 de xullo, as entidades xestoras e os servizos comúns da Administración da Seguridade Social e as unidades administrativas e servizos provinciais de todos os departamentos ministeriais nunha mesma provincia, incluídos os/as funcionarios/as civís que presten servizos na Administración militar.

d) En cada ente ou organismo público, non incluído na alínea anterior, para todos os servizos que teña nunha mesma provincia ou nas cidades de Ceuta e de Melilla.

e) Na Administración de xustiza, un en cada provincia, integrado por todas as unidades que correspondan aos servizos non transferidos.

ANEXO II

Ámbito territorial que cómpre considerar na organización periférica dos departamentos e organismos do Estado

Departamento/organismo	Ámbito territorial en que se estrutura a súa organización periférica	Comités de seguridade e saúde
Institucións penitenciarias.	Provincial.	Un por provincia.
Ministerio do Interior: D.X. Policía (persoal non policial).	Xefaturas superiores.	Un por xefatura.
Consello Superior de Investigacións Científicas.	C. autónoma ou agrupación de CC.AA. coincidentes coa propia organización do CSIC.	Un en cada caso.
Ministerio de Fomento.	Demarcacións de estradas.	Un por demarcación.
Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.	Bacía ou ámbito territorial da confederación ou mancomunidade.	Un por bacía ou ámbito territorial propio da confederación ou mancomunidade.